

¡Non á reforma laboral, non á ditadura do capital!

¡CCOO e UGT deben convocar folga xeral xa!

¡Todos ás manifestacións os días 19 e 29!

A reforma laboral do PP é un ataque brutal que dinamita dereitos históricos conquistados pola clase obreira ao longo dunha loita de décadas e, si non a paramos, terá consecuencias gravísimas. Todos os traballadores sen excepción vemos empeorar moi seriamente as nosas condicións laborais.

Esta contrarreforma non só non creará emprego, senón que o destruirá, provocando un aumento do paro a niveis insoportables. É a maior agresión da burguesía contra os dereitos dos traballadores de todo o período democrático, unha auténtica declaración de guerra.

Os principais ataques son os seguintes:

- ⇒ **Eliminación do contrato fixo de 45 días por ano traballado** e un máximo de 42 mensualidades, en caso de despedimento improcedente, que será substituído polo fixo barato (33 días e 24 mensualidades). Para os contratos en vigor, mantense a indemnización de 45 días ata a data de entrada en vigor da reforma; a partir dela, rexerán os 33 días.
- ⇒ **Facilítase e xeneralízase o despedimento** ao considerar procedente (20 días por ano e un máximo de 12 mensualidades) os despedimentos, individuais ou colectivos, por causas económicas. Entenderase por causas económicas a diminución do nivel de ingresos ou vendas durante tres trimestres consecutivos, aínda que a empresa teña beneficios.
- ⇒ **Eliminación da autorización administrativa de EREs.** Os empresarios non terán que xustificar ante a autoridade laboral os EREs. En caso de desacordo co comité de empresa, prevalecerá a decisión patronal. Así mesmo, os EREs poderanse aplicar ao persoal laboral das administracións públicas.
- ⇒ **As empresas poderán reducir unilateralmente os salarios para mellorar a competitividade, baixarlle o soldo aos traballadores menos produtivos e modificar outros aspectos, como xornada, horarios, quendas,** etc. Aparte das consecuencias económicas e sociais, esta medida abre as portas ás represalias contra aqueles traballadores máis molestos para a patronal. Quen non acepte os cambios será despedido con 20 días por ano cun máximo de nove mensualidades.
- ⇒ **Desaparición da prórroga indefinida dos convenios colectivos,** cuxa vixencia queda limitada a dous anos desde a data da súa finalización. Tras eses dous anos, o convenio desaparece e os traballadores só estarán protexidos polo convenio de sector (se o hai) ou pola lei xeral.
- ⇒ **Facilítase o descolgue dos convenios colectivos por parte das empresas.** O empresario poderá deixar de aplicar o convenio por causas económicas.
- ⇒ **Prevalencia do convenio de empresa sobre calquera outro.** Moitos empresarios, con ameazas, obrigarán aos seus traballadores a asinar un convenio de empresa que rebaixe substancialmente o convenio de ámbito superior en que actualmente están encadrados.
- ⇒ **Eliminación do requisito do 2'5% de absentismo global na plantilla como causa de despedimento procedente,** quedando soamente o absentismo do traballador. Noutras palabras, estar enfermo pasa a ser causa de despedimento procedente.
- ⇒ **Os parados que cobren prestación serán obrigados a realizar traballo social.**
- ⇒ **Establécese un novo contrato para empresas de menos de 50 traballadores con importantes subvencións e excepcións fiscais para o empresario e cun período de proba dun ano,** o que significa que durante todo este tempo poderá ser despedido sen dereito a indemnización.
- ⇒ **Entrada das ETTs nos servizos públicos de emprego,** convertendo así o desemprego noutro negocio para os capitalistas.

Con este decretazo, o PP mostra a súa verdadeira cara e o engano masivo ao que someteu ao pobo español na pasada campaña electoral. Esta reforma deixa na indefensión aos traballadores e estenderá a miseria entre capas da clase obreira. O seu verdadeiro obxectivo é implantar o terror nas empresas e incrementar escandalosamente os beneficios empresariais a costa dos traballadores. Por iso a CEOE está encantada e considera que “vai na boa dirección” e que dá

“importantes pasos adiante”, do mesmo xeito que outros partidos burgueses, como CiU.

CCOO e UGT deben reaccionar: ¡FOLGA XERAL XA!

Fronte a tamaña agresión, a resposta dos dirixentes sindicais é convocar manifestacións e... ¡chamar ao PP a negociar! Pero en que mundo viven Toxo e Méndez? O PP acáballes de mexar por enriba pese a todas as súas mostras de “responsabilidade”, e aínda creen que cabe a negociación? Se o PP quixese negociar xa o tería feito. Os dirixentes sindicais confunden a realidade cos seus desexos, que non son outros que seguir instalados na placidez do diálogo social (aínda que isto lles léve a asinar recortes para os traballadores, como o das pensións do ano pasado ou o dos salarios este mesmo mes).

Esta agresión non pode quedar sen resposta, é demasiado o que está en xogo. A situación non demanda máis diálogo social, senón máis loita de clases. **Hai que defender na rúa, con uñas e dentes, as conquistas sociais que tanta represión, cárcere e morte custáronlle á nosa clase nos últimos cen anos.** Temos que poñer o país patas arriba. Só unha auténtica rebelión social dos traballadores, unha loita contundente, organizada, sostida no tempo e cunha perspectiva de transformación social, pode parar esta ofensiva. Os traballadores gregos marcan o camiño a seguir.

As mobilizacións convocadas polos sindicatos para os días 19 e 29 son insuficientes, pero por suposto os marxistas revolucionarios apoiámolas e chamamos a todos os traballadores a acudir masivamente ás mesmas, para deixar patente o rexeitamento a esta reforma e para que os dirixentes de CCOO e UGT non poidan seguir recorrendo ao argumento dunha suposta desmobilización dos traballadores para xustificar as súas claudicacións ante a patronal. **O 19 e o 29 tamén temos que saír á rúa e gritar ben alto para que os dirixentes de CCOO e UGT decátense dunha vez que deben convocar xa unha FOLGA XERAL DE 24 HORAS** en unidade de acción cos demais sindicatos presentes no Estado español, o movemento 15-M, o Sindicato de Estudantes e o resto dos movementos sociais de esquerda. Unha folga xeral que debe marcar o inicio dunha ofensiva que se mantéña, estenda e endureza ata obrigar ao PP a retirar a súa reforma laboral, e que sexa organizada democraticamente a partir de asembleas nos centros de traballo e barrios de todas as localidades. A xente está farta de sacrificios, de abusos, de precariedade, de baixos salarios, de paro... Un chamamento serio á loita por parte de CCOO e UGT sería seguido masivamente. Así mesmo, chamamos a todos os afiliados, delegados e seccións sindicais de CCOO e UGT a esixirlles aos dirixen-

tes de ambos sindicatos que convoquen a folga xeral, enviando resolucións e pronunciamentos.

Máis aló do seu contido concreto, esta reforma tamén demostra dúas cousas:

- 1.- O sindicalismo de pactos e consensos non serve para defender os intereses dos traballadores. Debemos recuperar os nosos sindicatos como ferramentas de loita. **É máis necesario ca nunca crear no seo de CCOO e UGT unha forte corrente de esquerdas que impulse un sindicalismo combativo, de clase e democrático.** Esta é a tarefa que os traballadores e sindicalistas de EL MILITANTE estamos desenrolando e á que chamamos a todos os compañeiros a sumarse.
- 2.- O capitalismo é unha ameaza para a humanidade. Todo o que está pasando ten culpables: os grandes monopolios, a banca, os capitalistas e empresarios que controlan as nosas vidas. Por iso, **a loita por unhas condicións de vida e traballo dignas está totalmente ligada á loita polo socialismo**, para que a riqueza que os traballadores creamos co noso esforzo deixei de estar ao servizo dun puñado de parasitos e se poña ao servizo dunha meta moito máis elevada: o benestar de toda a humanidade. Hoxe máis que nunca o auténtico dilema é: **SOCIALISMO OU BARBARIE.**

ÚNETE Á CORRENTE MARXISTA EL MILITANTE E LOITA CONNOSCO POR:

- Non á reforma laboral.
- Xornada laboral de 35 horas sen redución salarial.
- Salario mínimo de 1.100 €.
- Non á precariedade. Fixos aos 15 días.
- Subsidio de desemprego indefinido ata atopar un emprego.
- Basta de perdas de poder adquisitivo. Por unha escala móbil prezos-salarios.
- En defensa da sanidade e da educación pública, basta de recortes e privatizacións.
- Anulación das hipotecas abusivas.
- Expropiación baixo control obreiro das empresas que se declaren en creba ou en suspensión de pagos.
- Nacionalización da banca, a terra e os monopolios baixo control obreiro e sen indemnización, salvo en caso de necesidade comprobada.